

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL
E MARIÑO

9734 *Real decreto 774/2011, do 3 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.*

O Regulamento (CE) n.º 72/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, polo que se adapta a política agrícola común mediante modificación do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas, establece mecanismos para unha eliminación progresiva do sistema de cotas lácteas, mediante aumentos anuais do 1 por cento por campaña desde 2009/2010 ata 2013/2014.

Estes incrementos progresivos de cota engádense ao incremento do 2 por cento lineal por Estado membro da Unión Europea establecido no Regulamento (CE) n.º 248/2008 do Consello, do 17 de marzo, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1234/2007 no que respecta ás cotas lácteas nacionais.

Dados estes incrementos de cota, na actualidade, a reserva nacional dispón de cantidade suficiente para desenvolver medidas que permitan ao sector lácteo unha adaptación progresiva á desaparición do sistema de cotas prevista para o ano 2015.

Neste sentido, co obxectivo de maximizar o uso da cota dispoñible en España, introdúcese a cesión do dereito de uso da reserva nacional como medida de reestruturación no Plan Estratégico do Sector Lácteo Horizonte 2015, elaborado polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Deste modo, todos os produtores que desexen aumentar o tamaño da súa explotación poderán facelo dunha maneira gratuíta, sinxela e flexible. É unha medida de adaptación e orientación ao mercado que permite a utilización da cota dispoñible na reserva nacional a todos aqueles gandeiros que queiran mellorar a súa capacidade produtiva, é renovable con carácter anual, inclúe a posibilidade de renuncia e está suxeita a uns determinados requisitos.

Para a necesaria simplificación e para non incrementar as cargas administrativas, procede levar a cabo a cesión de forma directa, sen necesidade de solicitude polos produtores.

Por isto, cómpre modificar o articulado introducindo un novo parágrafo no artigo 14 para o efecto, e unha nova disposición transitoria, no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de xuño de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.*

O Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, queda modificado como segue:

Un. Engádense unha nova alínea f) no artigo 14, co seguinte contido:

«f) Mediante a cesión temporal gratuíta de cota procedente da reserva nacional cederase a dispoñibilidade individual de cota a aqueles produtores que cumpran os requisitos establecidos para tal finalidade. Estes requisitos e condicións recóllense na disposición transitoria quinta deste real decreto.»

Dous. Engádesse unha disposición transitoria quinta, co seguinte contido:

«Disposición transitoria quinta. *Cesións de uso gratuítas.*

1. Cédeselles temporalmente o uso da cota existente na reserva nacional a todos os titulares de cota láctea con base nos criterios obxectivos e requisitos relativos á cantidade de referencia de cada un, que figuran no número 4.

A cesión de uso gratuíta, con cargo á reserva nacional, só producirá efectos para cada un dos períodos de taxa suplementaria en que se ceda o dereito a uso, e a cota así cedida pertencerá sempre á reserva nacional, polo que non se sumará ás cotas lácteas asignadas individualmente a cada gandeiro.

2. A cota cuxo uso se cede temporalmente está suxeita ás seguintes condicións:

a) Non se modificará o contido en materia graxa das cotas asignadas aos produtores.

b) Non xerará limitacións á posibilidade de transferir, ceder ou transvasar a cota asignada.

c) A cota cedida da reserva nacional pode ser obxecto de transvasamento temporal.

d) Se o titular realiza unha cesión temporal durante o período en curso, reintegrarase automaticamente na reserva nacional.

e) No caso de transferencias de cota con explotación (T1), a cesión gratuíta de cota de que é beneficiario o transferidor pasaría a estar durante o período en curso a favor do adquirente.

f) En caso de que as entregas do produtor beneficiario estean por debaixo da súa cota dispoñible no período correspondente, a parte da cesión gratuíta de cota non entregada pasará novamente á reserva nacional, co obxecto de dispor desta para efectos das compensacións establecidas no artigo 25.3 do Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea.

g) A cota concedida non entra no cálculo de retirada para o período seguinte.

h) A cota cedida da reserva nacional de cota láctea non xera dereito a solicitar dereitos de pagamento único á reserva nacional de pagamento único.

i) A cota láctea obxecto de cesión non entra no cálculo do pagamento adicional.

3. En caso de que un produtor non desexe utilizar o dereito de uso da cota cedida procedente da reserva nacional pode renunciar a ela, mediante escrito dirixido á directora xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, que se presentará ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radique a explotación do solicitante ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, poderanse presentar as solicitudes no rexistro electrónico en aplicación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

O prazo de presentación da renuncia comprenderá desde o 1 de xullo ata o 30 de xullo do ano 2011 para o período 2011/2012 e desde o 1 de abril ata o 30 de abril para os seguintes períodos.

4. Criterios obxectivos:

a) A cantidade de cota obxecto de cesión do dereito de uso calcularase sobre a cota dispoñible na explotación en 31 de marzo do ano en que finaliza o período anterior.

b) Para o cálculo, faranse dous estratos de acordo coa cota dispoñible de cada produtor, e aplicarase unha porcentaxe distinta a cada estrato para calcular a cantidade de cota obxecto de cesión do dereito de uso. A cantidade de cota láctea que constitúe o límite dos estratos é de 305.000 kg por explotación, de maneira que:

1.º Ata os primeiros 305.000 kg cederase o 6 por cento da cota dispoñible procedente da reserva nacional.

2.º Pola cota dispoñible restante, a porcentaxe de cesión será do 5 por cento da cota dispoñible.

c) En todo caso, non se cederá o dereito ao uso de cantidades nin superiores a 200.000 kg nin inferiores a 3.000 kg de cota láctea procedente da reserva nacional por explotación.

Requisitos. Será condición para ter dereito ao uso da cota cedida desde a reserva nacional ter realizado entregas ou vendas directas durante o período anterior, superiores ao 85 por cento da cota dispoñible para o dito período, e non ter sido cedente de cota durante o período anterior.

Os produtores poderán consultar a cantidade de cota cuxo uso se cede desde a reserva nacional a través do sistema de consulta e xestión de cotas lácteas SIGLAC (<http://www.marm.es/app/vocwai/Inicio.aspx?tg=siglac&sec=SCL>).

5. En caso de non reunir os requisitos ou condicións previstos nesta disposición, non haberá dereito ao uso da cota que nela se regula, sen ningunha outra consecuencia desfavorable para o administrado.»

Disposición transitoria única. *Aplicación retroactiva.*

Este real decreto producirá efectos desde o 1 de abril de 2011.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO